

Historias para non durmir

Polos modos e as formas que a Dirección empregou na comercialización da emisión de participacións preferentes, parece que non acaba de confiar na capacidade comercial dos seus equipos.

En primeiro lugar fixo unha campaña de *pre-venda* agresiva, que non debería efectuarse para ningún produto, pero menos aínda para este, complexo e de difícil explicación aos clientes.

A campaña levouse a cabo cun calendario non pechado e con numerosas improvisacións, e, o que é peor, sen estaren definidas as condicións de emisión. Só se deu a coñecer o tipo de xuro para os dous primeiros anos: descoñecía-se a cantidade mínima para poder entrar na emisión, o importe dos títulos, o tipo de xuro para os anos seguintes, o prazo de amortización e o vencemento. Daquela, que estabamos a vender? A quen?

As dúbidas mantivéronse ata a tarde do 29 de xaneiro, ou sexa, cunha antelación dun ou dous días, venres e sábado, aínda que unha boa parte da rede non abra os sábados.

Nunha aula virtual expuxéronse as características da emisión e lembráuselles aos empregados que é responsabilidade súa respectar escrupulosamente unha serie de normas. Nesta aula tamén se expuxo, ben clariño, que non era un produto adecuado para os aforros de xubilados nin daquelas persoas que, nunha situación tan complicada como a actual, puidesen necesitar dispoñer dos seus aforros. Non obstante, ao primeiro vendéuselle á rede como un produto estupendo, alternativo aos depósitos a prazo, cunha rendibilidade moi superior e unha marxe que nos ía sacar a todos da crise: os clientes, os empregados e mais o banco. Se o teu cliente

traballa nunha construtora, ben sexa o peón albanel, a secretaria do presidente ou o arquitecto, e sabes que esa construtora presentou un concurso de acredores, recomendaríasllo para os seus aforros? E ao teu pai, xubilado con 70 anos e sen máis aforros que eses?

E nese momento, quen se atreve a comunicar á súa Zona e Territorial que o que *pre-venderon* non está tan ben *pre-vendido*? Daquela, volta a empezar e a buscar novos compradores sobre a marcha, tendo que romper numerosos compromisos establecidos previamente por unha información errónea. Isto non achega máis que un maior grao de estrés e frustración.

Por se iso fose pouco, as instrucións pasaban por que se teclearan as ordes rapidamente, xa que podían terminarse as existencias. Estaban os compradores agardando nas oficinas mentres os empregados as tecleaban? Abofé que non, e iso que o colapso do sistema provocou que todo se demorase outras dúas horas.

Se aos traballadores se nos esixe ser profesionais –algo que compartimos plenamente–, tamén o ten que ser a Dirección. Ela debe planificar ao xeito unha campaña destas características, dando a coñecer o produto coa debida antelación, dotala do correspondente argumentario, información adecuada do público obxectivo, prover o persoal de todos os documentos necesarios para que poidan incorporarse ao sistema no momento adecuado e sen colapsos do sistema.

Menos agresividade, menos improvisación, máis preparación e máis confianza!

Febreiro de 2009

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://www.comfia.net/bs/>

Boletín de afiliación		Enviar a ➡	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:			
Domicilio				
Poboación	C.P.:			
Cta. de cargo				
			DNI	Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.